

## **NOTA INFORMATIVA SOBRE A PRESENTACIÓN DO TÍTULO DE LINGUA GALEGA**

O día 15 de xuño de 2026 publicáronse as notas definitivas do exame.

As puntuacións pódense consultar na páxina web da Corporación:

[Convocatoria Ordenanza discapacidade intelectual-CSAG.](#)

### **Cal é a seguinte fase do proceso?**

O seguinte trámite do proceso selectivo é o **exame de lingua galega**.

### **Quen pasa á seguinte fase do proceso?**

Pasan á seguinte fase as **persoas que superaron o primeiro exame**.

Para superar o primeiro exame é necesario ter unha puntuación mínima de vinte (20) puntos.

Todas as persoas que se presentaron superaron o exercicio.

### **Se xa teño un título de lingua galega podo non facer o exame de galego?**

Non terán que realizar o exame de lingua galega as persoas que teñan algún dos seguintes títulos:

- Un **título do CELGA 2**.
- Un **título equivalente** homologado polo órgano competente en política lingüística da Xunta de Galicia.
- Un **título de nivel superior** (CELGA 3 ou CELGA 4).

## **Onde se pode presentar o título de lingua galega?**

### ➤ **Nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia.**

Podes atopar a máis próxima na seguinte ligazón:

[Oficinas de atención á cidadanía e de rexistro.](#)

### ➤ **A través da sede electrónica da Xunta de Galicia.**

Debes facelo a través do formulario de solicitude electrónica xenérica (código do procedemento PR004).

Debes cubrir como destinatario a Consellería de Presidencia e, como unidade destinataria, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Podes consultar o trámite na seguinte ligazón:

[Solicitude xenérica-sede electrónica Xunta de Galicia](#)

Recorda que para entregar os documentos por internet debes ter algún dos seguintes instrumentos:

- Certificado Nacional da Fábrica de Moeda e Timbre
- DNI electrónico
- Chave 365.

### ➤ **Nas oficinas de Correos.**

Podes enviar os documentos por correo postal á seguinte dirección:

Estudos Centrais da CSAG de San Marcos, Lugar de Bando S/N, 15820, Santiago de Compostela, Galicia, España.

Debe figurar como destinatario: Tribunal de selección da categoría e ordenanza para persoas con discapacidade intelectual.

### ➤ **Noutros lugares que establece a lexislación vixente.**

### **Ata cando se pode presentar o título de galego?**

Tes dez (10) días hábiles para presentar o título de galego dende o día seguinte ao de publicar as notas definitivas.

É dicir, podes presentar o título de galego **dende o 16 de xuño de 2026 ata o 30 de xuño de 2026.**

### **Que pasa se non presento o título de galego?**

As persoas que non presenten un título de galego válido deben **realizar o exame de lingua galega.**

Cando haxa data para facer este exame publicarase na páxina web da Corporación.

### **Como é o exame de lingua galega?**

Este exame é **obligatorio**, pero **non é eliminatorio**. É dicir, senón aprobas podes seguir no proceso selectivo.

Esta proba é sobre o coñecemento da lingua galega. Ten de dez (10) preguntas e valorarase de 0 a 10 puntos.

### **Se presento o título de galego e non faço o exame cantos puntos recibo?**

As persoas que presenten un título de galego válido terán a puntuación máxima directamente sen facer o exame: **dez (10) puntos**